

## INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

**DEPARTAMENTO:** FILOSOFÍA  
**MATERIA LOMLOE:** FILOSOFÍA  
**CURSO NO QUE SE IMPARTE:** 4º ESO

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**

A materia Filosofía persegue como obxectivo principal a comprensión por parte do alumnado de si mesmo e do seu mundo, dotándolle para iso tanto de ferramentas cognitivas teóricas como prácticas. No plano teórico o alumnado coñecerá os grandes interrogantes, os conceptos especializados e as teorías que tentan dar resposta ás grandes cuestións. Na súa dimensión práctica, a materia dota de ferramentas como a actitude crítica e reflexiva

➤ **Metodoloxía das clases:**

- Exposicións orais nas que se presente o pensamento de cada autor contextualizándoo adecuadamente no seu correspondente momento histórico e Relacionándoo con outras liñas de pensamento relevantes.
- Lectura individual e en grupo de textos filosóficos orixinais, así como lectura e análise de textos secundarios nos que se comenta e analiza o pensamento de filósofos relevantes
- Realización de debates e diálogos filosóficos.
- Resolución de cuestións e exercicios de aplicación sobre aspectos concretos relacionados co pensamento dun autor determinado.
- Redacción de resumos, esquemas e mapas conceptuais
- Elaboración de ensaios nos que se analicen as ideas fundamentais dun autor ou dunha época determinada

➤ **Relación desta optativa cos estudos posteriores** (estudos universitarios, ciclos superiores de formación profesional...):

Dado que a Filosofía é materia obrigatoria no Bacharelato, será de gran axuda a todo o alumnado que queira proseguir por esa vía. Polo que se refire ao alumnado que se oriente a Formación profesional, entendemos que a materia é especialmente apropiada para quen queira facer un desempeño na área dos **servizos sociais** ou **recursos humanos**.

